

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

**20151** *Real decreto 1796/2010, do 30 de decembro, polo que se regulan as axencias de colocación.*

A Lei 35/2010, do 17 de setembro, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo, ten como obxectivo esencial contribuír á redución do desemprego e incrementar a produtividade da economía española; para este fin recóllense un conxunto de medidas entre as cales se incluían as dirixidas a lograr elevar as oportunidades das persoas desempregadas mellorando os mecanismos de intermediación laboral.

Dados os efectos que a actual crise económico-financeira está a producir no mercado de traballo e os altos índices de desemprego que se están a rexistrar no noso país, é ineludible iniciar unha apertura á colaboración público-privada entre os axentes que interveñen na intermediación laboral, preservando en todo caso a centralidade e o fortalecemento dos servizos públicos de emprego de carácter estatal e autonómico, de forma que non se produza a substitución da iniciativa pública pola iniciativa privada no ámbito da intermediación e a colocación.

En todo caso, a intermediación no mercado de traballo configúrase como un servizo de carácter público, con independencia dos axentes que a realizan, que, ademais de incrementar as posibilidades de colocación das persoas traballadoras en desemprego, pretende configurar un mercado de traballo cada vez máis equilibrado que emende as disfuncións que impiden a adecuada casación entre ofertas e demandas de emprego.

Neste contexto, a citada lei modifica a Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, procedendo a regular as axencias privadas de colocación, incluíndo as que teñen ánimo de lucro, cuxa actividade non permitía a normativa anterior, o que supón complementar a actividade que xa desenvolven os servizos públicos de emprego, co fin de mellorar o funcionamento do mercado de traballo, dotando para isto os axentes que interveñen nos procesos de intermediación e de colocación de máis e mellores medios. Como froito desta maior intervención e mellor colaboración entre axentes públicos e privados, conseguírase lograr unha máis eficaz intermediación, proporcionándolles ás persoas traballadoras un emprego adecuado ás súas características e facilitándolles aos empregadores as persoas traballadoras máis apropiadas aos seus requirimentos e necesidades.

Esta nova regulación de axencias de colocación enmárcase nas medidas que conforman a nova axenda social que o Goberno vai acometer neste período, todo isto co obxectivo de responder con decisión ás profundas secuelas que está deixando a crise económico-financeira no noso mercado laboral. Neste sentido, unha das liñas de actuación acometidas foi o reforzamento dos servizos públicos de emprego, dotándoos de máis recursos humanos, ampliando o seu cadro de persoal, ao engadir aos 1.500 orientadores que xa viñan desenvolvendo tarefas de inserción laboral de persoas traballadoras en desemprego outros 1.500 promotores de emprego para o reforzo da atención á demanda e oferta de emprego nos servizos públicos de emprego.

Por outro lado, neste mesmo sentido de potenciación dos servizos públicos de emprego, estase procedendo á reforma das políticas activas de emprego co obxectivo de mellorar a eficacia deste importante instrumento de intervención no mercado de traballo, en especial para a atención das persoas desempregadas e a mellora da súa empregabilidade.

## II

Mediante este real decreto procédese ao desenvolvemento regulamentario da Lei 35/2010, do 17 de setembro, regulando o réxime de autorización e a actividade das axencias de colocación que realicen actividades de intermediación laboral.

Respecto á definición das axencias de colocación, séguense as referencias establecidas na citada lei, isto é, a actividade propia destas, que consiste na realización de actuacións de intermediación laboral, incluíndose a mención ás empresas de recolocación como axencias de colocación especializadas nesta actividade. Así mesmo, recóllese a distinción entre axencias de colocación autorizadas que actúan de forma autónoma pero coordinada cos servizos públicos de emprego e as que actúan como entidade colaboradora destes mediante a subscripción dun convenio de colaboración.

Recóllese a obrigatoriedade de que as axencias de colocación obteñan, para poderen realizar a súa actividade, autorización dos servizos públicos de emprego. A dita autorización concederáa o Servizo Público de Emprego Estatal cando as axencias pretendan establecer centros desde os cales desenvolver a súa actividade en máis dunha comunidade autónoma, ou do servizo equivalente na comunidade autónoma cando pretendan establecer centros unicamente no territorio desa comunidade. No suposto de que as axencias de colocación pretendan ampliar o seu ámbito de actuación, establecendo centros noutras comunidades autónomas, deberán solicitar a ampliación da súa autorización. En todo caso, establécese que a autorización será única e terá validez para xestionar ofertas de traballo e solicitudes de emprego de todo o territorio español.

A información sobre as axencias autorizadas quedará integrada no espazo telemático común recollido no capítulo II desta norma co fin de que poida ser coñecida tanto polos servizos públicos de emprego como pola cidadanía en xeral, avanzando desta forma no principio de transparencia sobre a actuación destes axentes que interveñen na intermediación laboral e, en definitiva, exercen un servizo público.

En relación co financiamento destas axencias de colocación, determínase neste real decreto que só poderán recibir financiamento dos servizos públicos de emprego aquelas axencias que subscriban convenios de colaboración con estes.

Establécese as obrigas que deben cumprir con carácter xeral todas as axencias de colocación, destacando entre elas a exixencia de que na actuación destas axencias se garanta a gratuidade ás persoas traballadoras pola prestación de servizos, os principios de igualdade, non discriminación no acceso ao emprego e o respecto á intimidade e dignidade das persoas traballadoras no tratamento dos seus datos. Así mesmo, recóllese a obriga de elaborar e executar plans específicos para a colocación de persoas traballadoras desempregadas integrantes de colectivos prioritarios. En todo caso, as axencias de colocación estarán suxeitas ás actuacións de control e inspección que realicen os servizos públicos de emprego e outros órganos de control.

Por último, neste ámbito das obrigas cabe resaltar que as axencias deben dispor de sistemas informáticos compatibles e complementarios co sistema de información dos servizos públicos de emprego, de tal maneira que se subministre información periódica sobre ofertas e demandas de emprego e o resto de actividades que desenvolvan; así mesmo, deberán presentar unha memoria anual de actividades realizadas, na cal se conterá a información sobre os indicadores de eficacia que se recollen na disposición adicional primeira.

O real decreto crea un espazo telemático común dentro do marco do sistema de información dos servizos públicos de emprego co obxecto de integrar a información proporcionada por estes respecto ás axencias de colocación e a que subministren as propias axencias respecto á actividade desenvolvida; cabe destacar a exixencia de que a subministración da información sexa periódica.

O capítulo III regula o procedemento para a concesión e extinción da autorización, recolléndose a iniciación do procedemento coa información que deben achegar as axencias, a instrución deste e a súa terminación, establecéndose un prazo máximo de tres meses para resolver sobre a concesión ou denegación da autorización. Recóllense criterios de valoración mínimos para conceder ou denegar a autorización, destacando os de solvencia técnica suficiente, dispor de centros de traballo adecuados e ter experiencia mínima previa.

A autorización establécese por unha vixencia inicial de cinco anos, que se poderá prorrogar de forma indefinida, coa comprobación, en todo caso, por parte dos servizos

públicos de emprego de que se manteñen os requisitos e condicións que determinaron o seu outorgamento. Así mesmo, regúlase o réxime de extinción da autorización no suposto de que se dean as circunstancias previstas no real decreto.

O capítulo IV refírese ás axencias de colocación como entidades colaboradoras dos servizos públicos de emprego. Neste sentido, establécese que para a consideración de entidades colaboradoras se precisa que as axencias subscriban convenios de colaboración cos servizos públicos de emprego.

Para as axencias de colocación que actúan como entidades colaboradoras recóllense, ademais das obrigas xerais e das que se establezan nos convenios de colaboración, unhas obrigas específicas, entre as cales cabe destacar a de subministrar a información no formato e cos contidos que se recollan no convenio, a comunicación dos incumprimentos das persoas traballadoras e, en concreto, das perceptoras de prestacións, realizar as accións propias do convenio, garantirlles ás persoas traballadoras e empregadores a gratuidade pola prestación de servizos, así como fixar unha porcentaxe mínima da actividade que deben realizar as axencias de colocación con fondos non provenientes dos servizos públicos de emprego para que poidan subscribir convenios de colaboración; desta maneira, preténdese evitar que as axencias de colocación só desenvolvan actividades financiadas con fondos públicos.

Respecto da iniciativa para a subscripción de convenios de colaboración, os servizos públicos de emprego poderán establecer no seu ámbito territorial o procedemento para esa subscripción.

Na disposición adicional primeira recóllense as variables mínimas que cómpre considerar para determinar os indicadores de eficacia que se empregarán para a avaliación da actividade desenvolvida polas axencias de colocación.

Así mesmo, recóllese na disposición adicional segunda a utilización exclusiva por parte das administracións públicas do servizo de intermediación para a selección de persoal de carácter temporal ao servizo delas.

As tres disposicións transitorias consideran o prazo que terán as axencias de colocación autorizadas conforme o Real decreto 735/1995, do 5 de maio, para se adecuaren a esta nova regulación e solicitaren a correspondente autorización; mantense a vixencia dos convenios para o desenvolvemento de plans de servizos integrados para o emprego ata o final da duración prevista neles; e habilítanse as webs dos servizos públicos de emprego para a subministración da información a que se refiren os artigos 5.m) e 17.a) ata a entrada en funcionamento do espazo telemático común.

Finalmente, este real decreto derroga o Real decreto 735/1995, do 5 de maio, polo que se regulan as axencias de colocación sen fins lucrativos e os servizos integrados para o emprego. Esa normativa foi a vixente ata a aprobación deste real decreto.

Este real decreto dítase de acordo coa habilitación conferida no número 3 da disposición derradeira terceira da Lei 35/2010, do 17 de setembro, que autoriza o Goberno a aprobar as disposicións necesarias para desenvolver o establecido nesta lei en materia de axencias de colocación.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as organizacións sindicais e empresariais máis representativas, as comunidades autónomas e informada a Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais, e emitiu informe o Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración, logo de aprobación do vicepresidente terceiro do Goberno e ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de decembro de 2010,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular o réxime de autorización e a actividade das axencias de colocación que realicen actividades de intermediación laboral, de acordo co disposto pola Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, e pola Lei 35/2010, do 17 de setembro, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo.

#### Artigo 2. *Definición das axencias de colocación.*

1. Para efectos do previsto nesta norma, entenderase por axencias de colocación aquelas entidades públicas ou privadas, con ou sen ánimo de lucro, que, en coordinación e, de ser o caso, colaboración co servizo público de emprego correspondente, realicen actividades de intermediación laboral que teñan como finalidade proporcionarles ás persoas traballadoras un emprego adecuado ás súas características e facilitarles aos empregadores as persoas traballadoras máis apropiadas aos seus requirimentos e necesidades.

Para este fin, as axencias de colocación valorarán os perfís, aptitudes, coñecementos e cualificación profesionais das persoas traballadoras que requiran os seus servizos para a busca de emprego e os requirimentos e características dos postos de traballo ofertados. Estas axencias de colocación poderán desenvolver tamén actuacións relacionadas coa busca de emprego, tales como orientación e información profesional, e coa selección de persoal.

2. As empresas de recolocación son axencias de colocación especializadas na actividade destinada á recolocación das persoas traballadoras que resultaren excedentes en procesos de reestruturación empresarial, cando aquela fose establecida ou acordada coas persoas traballadoras ou os seus representantes nos correspondentes plans sociais ou programas de recolocación, e estarán sometidas ao réxime legal e regulamentario establecido con carácter xeral para as axencias de colocación.

3. As axencias de colocación autorizadas poderán actuar de forma autónoma pero coordinada cos servizos públicos de emprego, e/ou como entidades colaboradoras deles, mediante a subscripción dun convenio de colaboración con aqueles, de acordo co procedemento e co alcance previstos no capítulo IV.

4. En relación coas súas persoas usuarias, as axencias de colocación deberán cumprir as condicións de actuación previstas nesta norma e, no suposto de teren subscrito convenio de colaboración cos servizos públicos de emprego, as específicas que figuren no correspondente convenio.

5. As axencias de colocación que actúen como entidades colaboradoras dos servizos públicos de emprego levarán a cabo as actuacións que se establezan no convenio de colaboración previsto no capítulo IV coas persoas demandantes de emprego inscritas como tales nos servizos públicos de emprego.

#### Artigo 3. *Autorización.*

1. Dada a consideración da intermediación laboral como servizo de carácter público, as persoas físicas ou xurídicas que desexen actuar como axencias de colocación deberán obter autorización do Servizo Público de Emprego Estatal cando pretendan realizar a súa actividade desde centros de traballo establecidos en diferentes comunidades autónomas, ou do servizo equivalente da comunidade autónoma, no caso de que pretendan desenvolver a súa actividade desde centros de traballo establecidos unicamente no territorio desa comunidade.

A autorización será única e terá validez para xestionar ofertas de traballo e solicitudes de emprego de todo o territorio español. No suposto de que unha axencia autorizada para

desenvolver a súa actividade nunha ou en varias comunidades autónomas pretenda ampliar o seu ámbito de actuación realizando esta desde centros que estableza noutras comunidades autónomas onde non os tiver, deberá solicitar do Servizo Público de Emprego Estatal unha ampliación da dita autorización con ese fin.

Igualmente, deberán solicitar autorización as entidades que casen ofertas e demandas de emprego utilizando exclusivamente medios electrónicos. Neste caso, a concesión da autorización corresponderalle ao Servizo Público de Emprego Estatal.

2. Os procedementos de concesión, ampliación e extinción da autorización rexeranse polo disposto no capítulo III.

3. A información relativa ás autorizacións concedidas, así como as autorizacións para a modificación do ámbito de actuación das axencias de colocación, co obxecto de que poida ser coñecida tanto polos servizos públicos de emprego como pola cidadanía, quedará integrada no espazo telemático común recollido no artigo 6, dentro do sistema de información dos servizos públicos de emprego establecido no marco da Lei 56/2003, do 16 de decembro, e o Real decreto 1722/2007, do 21 de decembro, polo que se desenvolve a dita lei en materia de órganos, instrumentos de coordinación e avaliación do Sistema Nacional de Emprego.

## CAPÍTULO II

### Réxime de funcionamento e desenvolvemento da actividade

#### Artigo 4. *Réxime xurídico.*

As axencias de colocación autorizadas desenvolverán a súa actividade de acordo coas previsións contidas na Lei 56/2003, do 16 de decembro, neste real decreto e nas demais disposicións legais e regulamentarias que resulten de aplicación. Tamén deberán respectar as condicións establecidas nos acordos ou noutros instrumentos de coordinación que se formalicen cos servizos públicos de emprego. Así mesmo, no caso de formalizaren convenios de colaboración dos previstos no capítulo IV, deberán respectar o seu contido.

#### Artigo 5. *Obrigas das axencias de colocación.*

As axencias de colocación deberán cumprir as seguintes obrigas:

- a) Estar previamente autorizadas polo servizo público de emprego correspondente e manter as condicións e requisitos que posibilitaron a concesión da autorización.
- b) Solicitar autorización para a ampliación do seu ámbito de actuación.
- c) Garantirles ás persoas traballadoras a gratuidade pola prestación de servizos, tanto de intermediación laboral como doutras actuacións relacionadas coa busca de emprego, nos termos establecidos no artigo 22.4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro.
- d) Garantir, no seu ámbito de actuación, os principios de igualdade e non discriminación no acceso ao emprego, nos termos establecidos no artigo 16.2 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e no 22 bis da Lei 56/2003, do 16 de decembro.
- e) Garantir o respecto á intimidade e dignidade das persoas traballadoras no tratamento dos seus datos, sometendo a actuación nesta materia á normativa aplicable de protección de datos de carácter persoal.
- f) Non subcontratar con terceiros a realización da actividade obxecto da autorización concedida.
- g) Elaborar e executar plans específicos para a colocación de persoas desempregadas integrantes dos colectivos prioritarios mencionados no artigo 26 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, en coordinación cos servizos públicos de emprego e no marco da planificación xeral que se estableza no Sistema Nacional de Emprego.
- h) Cumprir coa normativa vixente en materia laboral e de seguridade social.
- i) Cumprir coas normas sobre accesibilidade universal das persoas con discapacidade.



j) Velar pola correcta relación entre as características dos postos de traballo ofertados e o perfil académico e/ou profesional requirido.

k) Estar suxeita ás actuacións do control e inspección que leven a cabo os servizos públicos de emprego de acordo coa normativa de referencia, así como á actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social e outros órganos de control.

l) Facer constar no desenvolvemento das actividades como axencia de colocación, nos termos indicados polo servizo público de emprego que concede a autorización, a condición de autorizada e número de autorización en todo lugar onde figure o seu nome.

m) Dispor de sistemas informáticos compatibles e complementarios co sistema de información dos servizos públicos de emprego, co fin de que a subministración de información sobre demandas e ofertas de emprego, así como do resto de actividades realizadas como axencias de colocación autorizadas, se realice, polo menos, con periodicidade mensual e exclusivamente por medios electrónicos, de conformidade, isto último, co establecido no artigo 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

n) Presentar con periodicidade anual, e dentro do primeiro trimestre de cada exercicio, unha memoria das actividades desenvolvidas durante o exercicio anterior, que conteña, polo menos, información relativa aos indicadores de eficacia contidos na disposición adicional primeira, así como información sobre a súa actividade económica como axencia de colocación.

o) Levar unha contabilidade separada conforme a normativa establecida nesta materia para todos os gastos e ingresos derivados da súa actividade.

As entidades que casen ofertas e demandas de emprego utilizando exclusivamente medios electrónicos estarán exentas do cumprimento da obriga recollida na alínea b).

**Artigo 6. *Espazo telemático común no sistema de información dos servizos públicos de emprego.***

Dentro do marco do sistema de información dos servizos públicos de emprego crearase un espazo telemático común, co obxecto de integrar o conxunto da información proporcionada polo Servizo Público de Emprego Estatal e os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas respecto ás axencias de colocación autorizadas, así como a información que estas axencias lles subministren. Este espazo permitirá:

1. Comunicar electronicamente as autorizacións concedidas para constituírse como axencia de colocación.
2. Acceder á relación actualizada de axencias de colocación autorizadas polos distintos servizos públicos de emprego, co obxecto de que poida ser coñecida tanto polos servizos públicos de emprego como pola cidadanía. Para estes efectos, esta relación estará dispoñible nas webs dos ditos servizos públicos de emprego.
3. Realizar a subministración de información periódica establecida no artigo 5.m).
4. Elaborar a memoria anual recollida no artigo 5.n).
5. Achegar, polas axencias de colocación que teñan subscrito convenio de colaboración cos servizos públicos de emprego, a información resultante da súa xestión, cumprindo os protocolos establecidos no sistema de información dos servizos públicos de emprego, en canto a contidos e procesos de consolidación da información.

**Artigo 7. *Seguimento e avaliación.***

1. Os servizos públicos de emprego realizarán un seguimento e avaliación das actividades das axencias autorizadas que operen no seu territorio. Respecto das axencias que subscribisen convenio de colaboración, realizarase un seguimento e avaliación específico de acordo co previsto no artigo 20.

Os servizos públicos de emprego levarán a cabo a debida coordinación destas accións de seguimento e avaliación a través dos órganos e instrumentos do Sistema Nacional de Emprego.

2. Os órganos de participación do Servizo Público de Emprego Estatal e dos servizos públicos de emprego das comunidades autónomas, en relación cos seus respectivos ámbitos de xestión, serán informados periodicamente das autorizacións de axencias de colocación e das actividades realizadas.

Artigo 8. *Dereito de información.*

As persoas que se inscriban como demandantes de emprego terán dereito a ser informadas polos servizos públicos de emprego sobre as axencias de colocación autorizadas que operan no seu territorio, e as ditas axencias non poderán exixirlles ningunha contraprestación pola súa actuación.

### CAPÍTULO III

#### **Procedemento para a concesión, ampliación do ámbito de actuación e extinción da autorización**

Artigo 9. *Iniciación de procedemento.*

1. O procedemento para a concesión da autorización como axencia de colocación iniciárase coa solicitude presentada pola entidade correspondente, facendo constar os seguintes datos:

- a) Identificación da entidade solicitante.
- b) Denominación da entidade.
- c) Domicilio da entidade.
- d) Número de identificación fiscal e código de conta de cotización á Seguridade Social.
- e) Localización dos centros de traballo desde onde vai realizar a súa actividade.

A solicitude tramitárase en formato electrónico, que estará dispoñible nas webs dos servizos públicos de emprego.

As entidades que casen ofertas e demandas de emprego utilizando exclusivamente medios electrónicos estarán exentas de presentar os datos recollidos na alínea e).

2. A solicitude presentárase a través dos medios electrónicos establecidos e irá dirixida ao órgano competente do servizo público de emprego a quen corresponda conceder a autorización, segundo o disposto no artigo 3; así mesmo, poderase presentar en calquera dos rexistros e oficinas previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. A solicitude irá acompañada de:

a. Memoria-proxecto técnico e de xestión para o ámbito solicitado, a cal conterá, polo menos, os seguintes puntos:

Actividades que se desenvolverán, especificando, de ser o caso, a súa especialización como empresa de recolocación.

Localización e descrición do centro ou centros desde onde se vaia desenvolver a súa actuación. As entidades que casen ofertas e demanda de emprego utilizando exclusivamente medios electrónicos estarán exentas de achegar esta información.

Previsións de dotación de persoal.

Descrición dos sistemas informáticos compatibles cos dos servizos públicos de emprego.

Aqueloutra información que permita avaliar os aspectos a que se refire o artigo 11.2.

b. Declaración responsable, no modelo que determine a Administración competente, na que conste que a entidade solicitante:

Está ao día no cumprimento das súas obrigas fiscais e fronte á Seguridade Social.

No caso de tratarse dunha persoa xurídica, que a entidade está debidamente constituída e inscrita no rexistro correspondente.

Non está incurso en ningunha circunstancia das que prohiben contratar coa Administración, conforme o disposto na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

Nesta declaración constará expresamente a autorización da persoa ou entidade solicitante para verificar os datos anteriores mediante solicitude de información, por calquera medio, ás administracións públicas correspondentes.

As administracións públicas e os seus organismos vinculados ou dependentes estarán exonerados de presentar esta declaración.

4. Cando a solicitude non cumpra os requisitos exixidos no artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou non se acheguen os documentos citados no número anterior, requirirase a entidade para que proceda á corrección da falta ou á achega dos documentos en cuestión, nun prazo de dez días, indicándolle que, de non facelo así, se considerará que desiste da súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da dita lei.

#### Artigo 10. *Instrución do procedemento.*

A instrución do procedemento de concesión da autorización efectuarase conforme establece o capítulo III do título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro. En todo caso, antes de concederse a autorización para realizar actividades en diferentes comunidades autónomas, o Servizo Público de Emprego Estatal deberá solicitar informe preceptivo dos servizos públicos de emprego destas, o cal será emitido no prazo máximo de dez días.

#### Artigo 11. *Terminación do procedemento.*

1. O servizo público de emprego competente ditará resolución en que conceda ou denegue a autorización no prazo máximo de tres meses. No caso de que a autorización lle corresponda ao Servizo Público de Emprego Estatal, resolverá a persoa titular da dirección xeral do organismo.

2. Para efectos de poder valorar a concesión da autorización ou a súa denegación, os servizos públicos de emprego terán en conta que a entidade solicitante dispón, polo menos, de:

Solvencia técnica suficiente para desenvolver a actividade de intermediación.

Centros de traballo adecuados, tendo en conta a súa dimensión, equipamento e réxime de titularidade destes.

Experiencia mínima previa en execución de programas de emprego e/ou xestión de recursos humanos.

3. O vencemento do prazo máximo sinalado no número primeiro sen terse ditado resolución expresa suporá a desestimación da solicitude por silencio administrativo, co obxecto de garantir unha adecuada protección das persoas traballadoras.

4. Contra a resolución que poña fin ao procedemento de autorización poderase interpor o recurso que proceda nos termos previstos legalmente.

#### Artigo 12. *Vixencia da autorización.*

A autorización como axencia de colocación terá unha vixencia inicial de cinco anos, e poderase prorrogar despois de forma indefinida. Para estes efectos, e sen prexuízo das actuacións de seguimento e avaliación recollidos no artigo 7, antes de finalizar esa vixencia inicial, os servizos públicos de emprego comprobarán que se manteñen os requisitos e condicións que determinaron o seu outorgamento, e que non concorre ningunha das causas para a súa extinción previstas no artigo 14, caso en que se producirá a súa renovación automática.



Artigo 13. *Ampliación do ámbito de actuación.*

No suposto de que unha axencia de colocación autorizada para desenvolver a súa actividade nunha ou varias comunidades autónomas pretenda ampliar o seu ámbito de actuación, realizando esta desde centros que estableza noutras comunidades autónomas onde non os tiña, será de aplicación para conceder a autorización polo Servizo Público de Emprego Estatal o establecido no artigo 9, a excepción do previsto no seu número 3.b, e nos artigos 10 e 11.

Artigo 14. *Extinción da autorización.*

1. A autorización poderase extinguir:

- a. Por incumprimento por parte da axencia de colocación de calquera dos requisitos e obrigas legal ou regulamentariamente establecidos.
- b. Por inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore á declaración responsable, descuberta tras a concesión da autorización.
- c. Por renuncia ou peche dos centros de traballo.

2. A declaración de extinción efectuarase por resolución motivada do órgano competente estatal ou autonómico, logo de comunicación á axencia do acordo adoptado por este, concedéndose o correspondente trámite de audiencia. Contra esa resolución poderase interpor o recurso que proceda nos termos previstos legalmente.

A axencia de colocación asumirá as responsabilidades que puideren derivar, de ser o caso, fronte aos seus usuarios, como consecuencia da dita extinción.

Artigo 15. *Infraccións e sancións.*

O réxime de infraccións e sancións será o recollido no Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

## CAPÍTULO IV

### **Das axencias de colocación como entidades colaboradoras dos servizos públicos de emprego**

Artigo 16. *Definición e competencia.*

As axencias de colocación autorizadas poderán ser consideradas entidades colaboradoras dos servizos públicos de emprego, e poderán recibir financiamento destes, mediante a subscrición do convenio de colaboración previsto no artigo seguinte.

Os servizos públicos de emprego poderán subscribir convenios coas axencias que fosen autorizadas para operar no seu ámbito territorial.

O Servizo Público de Emprego Estatal poderá subscribir convenios coas axencias de colocación que fosen autorizadas para actuar nos ámbitos territoriais en que non se producise o traspaso de competencias en materia de intermediación laboral ás comunidades autónomas. Nestes supostos, a competencia para asinar os convenios recaerá na persoa titular da dirección xeral do organismo.

Artigo 17. *Obrigas das axencias de colocación como entidades colaboradoras.*

As axencias de colocación que actúen como entidades colaboradoras dos servizos públicos de emprego, ademais de cumpriren coas obrigas do artigo 5, deberán desenvolver a súa actividade con suxeición ao establecido no convenio de colaboración, e estarán obrigadas especificamente a:

- a) Subministrar a información que se detalle no convenio de colaboración, no formato que se requira, e especificamente en relación coas persoas atendidas e os seus perfís, así como en relación coas ofertas de emprego e os perfís que correspondan con estas.
- b) Comunicar as incidencias que se produzan en relación coas obrigas das persoas traballadoras e das persoas solicitantes e beneficiarias de prestacións por desemprego, previstas no artigo 231.1 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño. Tal comunicación realizarase para os efectos da valoración, por parte dos servizos públicos de emprego, dos posibles incumprimentos que puideren derivar de tales incidencias e adoptar as medidas que, de ser o caso, procedan.
- c) Realizar as accións obxecto do convenio de colaboración nos termos e condicións sinalados neste.
- d) Estar suxeitas ás accións que puideren realizar os servizos públicos de emprego co fin de efectuar o seguimento e avaliación das actuacións obxecto do convenio de colaboración segundo o establecido no artigo 20.
- e) Garantirles ás persoas traballadoras e empregadores a gratuidade pola prestación de servizos nos termos establecidos no artigo 22.4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro.
- f) No caso de tratarse de entidades con ánimo de lucro, deberán realizar polo menos un corenta por cento da súa actividade con fondos non provenientes dos servizos públicos de emprego; no caso de tratarse de entidades sen ánimo de lucro, deberán acreditar que realizan polo menos un dez por cento de actividade con fondos non provenientes dos servizos públicos de emprego.

#### Artigo 18. *Obxecto e contido dos convenios.*

1. Os convenios terán por obxecto a determinación das actividades que deben desenvolver as axencias de colocación que actúen como entidades colaboradoras dos servizos públicos de emprego.
2. Os convenios conterán, como mínimo, os seguintes extremos:
  - a. Ámbito de aplicación.
  - b. Duración, que poderá ser de un ou dous anos.
  - c. Descrición das accións concretas que se vaian desenvolver.
  - d. Forma de financiamento das accións obxecto de convenio, con expresión da súa vinculación aos resultados fixados.
  - e. Os medios materiais, humanos e económicos que empregará a axencia para acometer as accións previstas.
  - f. Colectivos de demandantes destinatarios dos servizos.
  - g. Seguimento e avaliación.
  - h. Definición dos sistemas de comunicación da información.
  - i. Mecanismos de comunicación para dar cumprimento ao establecido no artigo 17.b).
  - j. Os indicadores de eficacia definidos en función do establecido na disposición adicional primeira.
  - k. Procedemento e trámite para a súa modificación, así como a determinación das causas da súa extinción.

3. Os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas comunicaranlle ao Servizo Público de Emprego Estatal os convenios que subscribisen no seu ámbito territorial para efectos do seu coñecemento e comunicación aos órganos e instrumentos do Sistema Nacional de Emprego.

#### Artigo 19. *Iniciativa para a subscripción de convenios.*

Os servizos públicos de emprego poderán establecer, no seu correspondente ámbito territorial, o procedemento para subscribir convenios de colaboración coas axencias autorizadas para operar dentro deste. Este procedemento poderá consistir na concesión

de subvencións públicas, contratación administrativa ou calquera outra forma xurídica axustada á normativa estatal e autonómica.

Artigo 20. *Seguimento e avaliación específicos.*

As axencias de colocación facilitarán cantos datos, documentación e información sexan necesarios, nos soportes informáticos ou medios que se establezan, para avaliar o resultado das accións convidadas.

Así mesmo, os servizos públicos de emprego realizarán cantas accións sexan necesarias para o seguimento e avaliación das actuacións obxecto do convenio, tanto no seu aspecto cualitativo como cuantitativo.

Os servizos públicos de emprego realizarán actividades de fiscalización e control respecto das axencias que actúen como entidades colaboradoras deles. En concreto, comprobarán que cumpren as porcentaxes de actividade recollidas no artigo 17.f), unha vez transcorridos os primeiros seis meses de vixencia do convenio de colaboración e, con posterioridade, anualmente. O incumprimento desta obriga será causa de extinción do convenio.

Disposición adicional primeira. *Indicadores de eficacia.*

En función do establecido na disposición derradeira terceira da Lei 35/2010, do 17 de setembro, os indicadores de eficacia das axencias de colocación considerarán, polo menos, os seguintes aspectos:

- a. número de persoas atendidas.
- b. número de persoas atendidas perceptoras de prestacións por desemprego.
- c. número de persoas atendidas pertencentes a colectivos con dificultades de inserción.
- d. número de ofertas e postos de traballo captados como resultado da súa actividade de intermediación.
- e. número de ofertas e postos de traballo cubertos coas persoas atendidas como resultado da súa actividade de intermediación.
- f. número de contratos de traballo subscritos polas persoas atendidas.
- g. número de contratos de traballo indefinidos subscritos polas persoas atendidas.
- h. outros indicadores correspondentes ao resto de servizos ofrecidos pola axencia.

Os ditos indicadores serán avaliados cada dous anos para efectos de subscrición de posibles convenios de colaboración entre as axencias e os servizos públicos de emprego.

Disposición adicional segunda. *Utilización do servizo de intermediación polas administracións públicas.*

Nos supostos en que as normas que regulen os procedementos para a selección de persoal de carácter temporal ao servizo das administracións públicas permitan acudir aos servizos públicos de emprego, estas utilizarán exclusivamente os servizos dos servizos públicos de emprego das comunidades autónomas ou, de ser o caso, do Servizo Público de Emprego Estatal.

Disposición transitoria primeira. *Axencias de colocación sen ánimo de lucro autorizadas.*

Segundo o disposto na disposición transitoria décima da Lei 35/2010, do 17 de setembro, as axencias de colocación autorizadas de acordo co Real decreto 735/1995, do 5 de maio, disporán dun prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto para se adecuaren á nova regulación das axencias de colocación e solicitaren a correspondente autorización. Malia o disposto na disposición derogatoria, estas axencias poderán seguir desenvolvendo a súa actividade ao abeiro do citado Real decreto 735/1995,

do 5 de maio, mentres non sexan autorizadas conforme o disposto neste real decreto ou non finalice o prazo de adecuación anteriormente sinalado.

As solicitudes de autorización presentadas e non aprobadas no momento da entrada en vigor deste real decreto quedarán sen efecto a partir desa data, sen prexuízo de que se deba ditar resolución expresa en tal sentido, de acordo co establecido no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Disposición transitoria segunda. *Plans de servizos integrados para o emprego.*

Os convenios para o desenvolvemento de plans de servizos integrados para o emprego, regulados polo Real decreto 735/1995, do 5 de maio, polo que se regulan as axencias de colocación sen fins lucrativos e os servizos integrados para o emprego, vixentes no momento da entrada en vigor deste real decreto, seguiranse desenvolvendo ata a finalización da duración prevista neles.

As solicitudes de subscripción de novos convenios presentadas e non aprobadas no momento da entrada en vigor deste real decreto quedarán sen efecto a partir desa data, sen prexuízo de que se deba ditar resolución expresa en tal sentido, de acordo co establecido no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Disposición transitoria terceira. *Posta en servizo do espazo telemático común no sistema de información dos servizos públicos de emprego.*

Ata a entrada en funcionamento do espazo telemático común, as subministracións de información establecidas no artigo 5.m) e 17.a) proporcionaráselles aos servizos públicos de emprego utilizando as súas webs.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 735/1995, do 5 de maio, e cantas normas de igual ou inferior rango contradigan ou se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro dos títulos competenciais previstos no artigo 149.1 da Constitución, nos seus números 7 e 18.

Disposición derradeira segunda. *Execución e desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Traballo e Inmigración para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de decembro de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Inmigración,  
VALERIANO GÓMEZ SÁNCHEZ